

NORMAS DE PUBLICACIÓN

Os artigos deberán ser inéditos, non estar en proceso de revisión nin pendentes de consideración por ningunha outra publicación e axustarse á estrutura seguinte:

1. Extensión aproximada: de 8 a 15 páxinas DIN-A4 escritas con tipografía Arial, corpo 13 e interlineado 1,5 (aprox. 2400 caracteres por páxina).

Esta norma é orientativa e poderá adaptarse ás necesidades da/s persoa/s autora/s co fin de aportar maior claridade expositiva ao artigo.

2. Título: fará referencia ao contido do texto. Pódense inserir subtítulos.

3. Resumo do contido (de 4 a 6 liñas).

4. Palabras clave (de 3 a 5).

5. Na primeira páxina deben figurar os seguintes datos:

- Nome e apelidos do autor ou autora
- Especialidade e/ou destino en que exerce
- Enderezo electrónico de contacto (opcional)

6. Debe presentar unha estrutura lóxica: contextualización, obxectivos, recursos empregados, descrición da actividade, metodoloxía, avaliación e conclusións.

Esta norma é orientativa e poderá adaptarse ás necesidades da/s persoa/s autora/s co fin de aportar maior claridade expositiva ao artigo.

7. **Ao final do documento** debe incorporar as notas, se as houberse, e unha bibliografía de referencia.

8. Pode incluír táboas, gráficos, esquemas ou cadros, que faciliten a lectura do artigo. Numeraranse consecutivamente en función do tipo e incorporaranse no lugar preciso dentro do corpo do texto.

Os gráficos, esquemas e táboas presentaranse nun formato que non sexa de imaxe co fin de facilitar posibles modificacións de cara a unha futura maquetación.

9. Recoméndase achegar fotografías que ilustren e enriquezan o contido (ata un máximo de 5 ou 6). **Débense enviar as imaxes dixitais en arquivos independentes do texto**, en formato JPG, cunha resolución mínima de 300 ppp e **debidamente identificadas** (Ex.: imaxe 1. Foto do centro.jpg).

Deberase indicar no documento a súa ubicación.

Autorizacións: É responsabilidade do autor ou autora conseguir os permisos para a reprodución de ilustracións, fotografías e calquera material gráfico, audiovisual ou

multimedia utilizado.

10. Se se queren xuntar gravacións en vídeo ou audio complementarias, respectaranse as seguintes especificacións técnicas:

audio: MP3 (o ficheiro debe ser menor de 120 MB)
vídeo: MPEG, FLV (o ficheiro debe ser menor de 400 MB).

11. A *RGE* dará notificación de recibo a todos os artigos comunicándoo á/s *persoa/s autora/s*.

12. Para valorar cada colaboración o Comité de Redacción atenderá a criterios de relevancia, adecuación ás normas de publicación, actualidade do traballo e alcance das conclusións. No caso de que o tema o requirise procederase a consultar avaliadores externos.

NORMAS DE REDACCIÓN

Os traballos deben presentarse redactados con claridade expositiva, precisión terminolóxica e corrección lingüística.

A *RGE* seguirá a normativa oficial do idioma galego e reserva a súa capacidade de traducir e adaptar os textos ao galego no servizo de tradución.

O Comité de Redacción da *RGE* reserva para si a facultade de introducir as modificacións que estime oportunas nos traballos, en aplicación das Normas de publicación.

NORMAS PARA A BIBLIOGRAFÍA E PARA AS NOTAS

Seguiranse as normas bibliográficas establecidas pola APA 6ª edición.

Tanto a bibliografía como as notas colocaranse ao final do traballo e por orde alfabética. Todo libro mencionado no texto debe aparecer na bibliografía.

Evitaranse as citas bibliográficas e as notas a pé de páxina.

NORMAS PARA TÁBOAS, FIGURAS, GRÁFICOS E CADROS

Seguiranse as normas bibliográficas establecidas pola APA 6ª edición.

DIRECCIÓN DE ENVÍO

Os artigos enviaranse a eduga@edu.xunta.gal